




Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10817108JK	
Código de verificación  405B 050M 6Z1J 6204 0LR9	Expediente 108/2021/2183	
	Data 09-08-2023	

Servizo de Recursos Humanos

## ANUNCIO

Mediante Resolución do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 08 de agosto do 2023, acordouse:

**Primeiro.-** Deixar sen efecto a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a medio/a de informática (subgrupo A2) aprobada por Resolución do 25/08/2021 do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

En aplicación da previsión establecida no artigo 2.6 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, en caso de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de técnico/a medio/a de informática (subgrupo A2) por non existir persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento, poderase utilizar a dita lista de agarda anterior, aprobada mediante resolución do 25/08/2021, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

**Segundo.-** Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a medio/a de informática (subgrupo A2), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 28/12/2021 (BOP núm. 249 do 31/12/2021) nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exercici	Notas 2º exercicio	Notas 3º exercici	Puntuación total
1º	Gallego Míguez, Roberto	***9608**	20,00	35,50	20,45	<b>75,95</b>
2º	Pardiñas Iglesias, Marta	***4047**	25,10	29,50	--	<b>54,60</b>
3º	Cotelo Lema, José Antonio	***1279**	23,20	27,50	--	<b>50,70</b>
4º	Velasco Montes, María Purificación	***8753**	20,70	--	--	<b>20,70</b>
5º	Martínez Suárez, Antonio	***0515**	20,10	--	--	<b>20,10</b>

**Terceiro.-** A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

**Cuarto.-** Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

**Quinto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Manuel Ángel Jove Losada